

Unha década traballando para mellorar a calidade de vida das persoas con diabetes

► A asociación Anedia Galicia iniciou a súa andaina en 2013 e actualmente conta con medio milleiro de asociados

PONTEVEDRA. No ano 2013, un grupo de nais e pais de rapaces e rapazas con diabetes deron un paso cara adiante na súa loita para velar polas necesidades dos seus fillos e fillas, especialmente no ámbito sanitario e educativo. De aí xurdiu Anedia, a Asociación de Nenos, Nenas e Xente Nova con Diabetes de Galicia. O seu traballo para mellorar a calidade de vida de quen padece esta enfermidade fíxose notar desde o primeiro intre, cunha evolución espectacular. Se en 2014 contaba con 66 socios e socias, a día de hoxe xa chegan a preto de medio milleiro. A agrupación é un referente na Comunidade Autónoma. Maila que nun primeiro intre a asociación centrábase en nenos e nenas que padecen esta doenza, en 2018 e 2021 fixéronse modificacións, de xeito que agora non hai límite de idade para formar parte da mesma parte de persoas con diabetes tipo 1, así como familiares, amizades «e todo aquel que queira axudar e colaborar», apunta a presidenta de Anedia, María José Rego.

O mes de novembro é unha época especial, xa que é cando se organizan algún dos eventos máis importantes e que contan cunha maior proxección á hora de dar visibilidade á diabetes de tipo 1. É o caso da conmemoración do día mundial desta doenza, que ten lugar o 14 de novembro, ou a Milla

Solidaria Anedia. «Houbo unha gran resposta, cun gran número de participantes. Foi moi ilusionante», sinala Rego, que incide na importancia do deporte e dos hábitos saudables.

Entre os proxectos impulsados nestes 10 anos de existencia, destacan, por exemplo, 'Somos Tipo 1', unha iniciativa de atención xeral e integral aos pacientes con esta diabetes, coa que se lle achega atención psicolóxica e emocional, así como terapéutica ou soporte tecnolóxico, ás familias. Pola súa banda, o proxecto 'Medrando 2023, X Aniversario' consistiu nunha serie de charlas formativas, en colaboración con especialistas e sanitarios, para sensibilizar e dar visibilidade a esta doenza. O programa de voluntariado é outra das grandes propostas de Anedia Galicia.

OS BOLECHAS. No eido educativo, unha das iniciativas máis importantes é o proxecto dos Bolechas, de creación de contido sobre a diabetes en formato de contos infantís, e que xa está a adquirir unha proxección a nivel nacional. «Levamos xa 4 libros publicados», declara a presidenta. Este último conta con edición en galego e outra en castelán, que xa foi presentada en Madrid. Anedia xa conta cunha bagaxe notable a nivel nacional, como demostra a obtención do II Premio KIDS, como recoñecimen-



Varias das actividades deportivas, divulgativas e formativas que desenvolve a asociación pontevedresa.

«Confiamos en que a cura da diabetes tipo 1 esta cada vez máis preto, ao tempo que traballamos en novas vías», sinala Rego

to ao labor de formación que a entidade fai nas aulas. É a segunda vez que Anedia obtén este recoñecemento.

Os obxectivos de Anedia Galicia pasan por reivindicar unha asistencia sanitaria interdisciplinar,

cun equipo onde teña cabida o apoio psicolóxico para quen padece diabetes tipo 1, sen esquecer o feito de instar ás administracións a que adopten medios precisos para o autocoidado desta enfermidade. Ademais, desde a asociación tamén se impulsa axuda e asesoramento en cuestións sanitarias, fiscais, laborais, legais ou psicolóxicas, ademais de defender os dereitos e a integración escolar, laboral e social dos enfermos e enfermas.

A entidade, que ten a súa sede na Casa Azul de Pontevedra, tamén pon o foco noutras cuestións de vital importancia, como é o fomento de investigación clínicas que axuden a descubrir as causas desta doenza, así como na busca dun tratamento efectivo. Todo isto sen esquecer outros labores como a achega de información e educación diabetolóxica para todas as persoas asociadas e para a sociedade en xeral. «Confiamos en que a cura da diabetes estea cada vez máis preto, pero tamén estamos a traballar en novas vías», finaliza a presidenta, María José Rego.

Asociación Anedia De que xeito poden axudas as empresas á actividade da agrupación?

Á hora de cumprir cos seus obxectivos, toda axuda resulta moi importante para Anedia Galicia. Son varias as fórmulas a través das cales as entidades e empresas poden implicarse na organización de eventos e actividades que axuden á agrupación. Unha destas fórmulas consiste en converterse en patrocinador exclusivo dalgunha das numerosas actividades e programas que se impulsan desde a

entidade con sede en Pontevedra. Ademais, tamén existe a opción de patrocinar accións e iniciativas máis concretas, como poden ser xornadas, ponencias, actividades divulgativas ou culturais, campamentos, hospedaxes, traslados ou avituallamentos nas probas deportivas.

Por outra banda, a Asociación de Nenos, Nenas e Xente Nova con Diabetes de Galicia ofrece ás empresas a posibilidade de levar a cabo achegas económicas, así como outro tipo de colaboracións, como é o caso da cesión de instalacións, espazos ou de material. O voluntariado e o traballo conxunto na organización de accións e actividades tamén resulta unha axuda moi preciosa para Anedia.

Empatía, solidariedade, respecto, transparencia, honestidade, colaboración e traballo e equipo son algúns dos valores nos que se basea o labor da agrupación.

Sensibilización no eido laboral
Unha das cuestións de vital relevancia para a asociación e sensibilizar tanto a particulares como a empresas e entidades sobre os dereitos e as capacidades das persoas que padecen diabetes de tipo 1. Resulta especialmente importante salientar este feito no ámbito laboral. María José Rego exemplifica esta cuestión sinalando que «os compañeiros e compañeiras de traballo teñen que ter claras cuestións como que unha persoa con diabetes segue a

ser igual de produtiva maila que teña que realizar unha pausa no seu labor para recuperarse dunha baixada de glucosa».

Razóns para colaborar
A colaboración con Anedia conleva grandes beneficios para as empresas. Un deles é que permite amosar a estas entidades o seu compromiso social e cultural. Ademais, incentiva a confianza e o sentimento de pertenza de marca por parte dos consumidores e consumidoras, que se identifican con este tipo de implicacións sociais. A visibilidade de marca é outra das vantaxes, especialmente naqueles eventos e actividades que contan con gran participación e repercusión.

COMPROMISO SOCIAL

construccionesramirez.com

RAMÍREZ
CONSTRUCCIONES